



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Patrimonio Cultural	Código	662G01007	
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Lezcano González, Mª Elvira	Correo electrónico	m.lezcano@udc.es	
Profesorado	Lezcano González, Mª Elvira	Correo electrónico	m.lezcano@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.es/moodle/			
Descrición xeral	<p>Dada a amplitude de ámbitos que abarca o concepto de Patrimonio Cultural, o obxectivo fundamental da materia é aproximar ao alumno a todos eles tendo en conta a súa vinculación co fenómeno turístico.</p> <p>Ademais de proporcionar uns coñecementos básicos e xerais sobre a materia, preténdese mostrar o papel do experto en turismo en calquera programa de xestión do patrimonio e concienciarlo da importancia da súa presenza no mesmo.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Comprender os principios do turismo: a súa dimensión espacial, social, cultural, política, laboral e económica.
A2	Analizar a dimensión económica do turismo.
A3	Comprender o carácter dinámico e evolutivo do turismo e da nova sociedade do lecer.
A5	Converter un problema empírico nun obxecto de investigación e elaborar conclusións.
A8	Avaliar os potenciais turísticos e a análise prospectivo da súa explotación.
A13	Manexar técnicas de comunicación.
A14	Comprender o marco legal que regula as actividades turísticas.
A18	Identificar e xestionar espazos e destinos turísticos.
A19	Xestionar o territorio turístico de acordo cos principios de sustentabilidade.
A23	Analizar os impactos xerados polo turismo.
A27	Comprender o funcionamento dos destinos, estruturas turísticas e os seus sectores empresariais no ámbito mundial.
A29	Traballar en medios socioculturais diferentes.
A30	Coñecer as principais iniciativas de posta en valor do patrimonio cultural.
A31	Comprender as características da xestión do patrimonio cultural.
A33	Creatividade.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Comunicación oral e escrita en lingua nativa.
B3	Resolución de problemas.
B4	Razoamento crítico.
B5	Compromiso ético.
B6	Aprendizaxe autónoma.
B7	Adaptación a novas situacións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.



C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Definir o concepto de Patrimonio Cultural e a súa relación co turismo	A1 A3 A5 A8 A18 A29 A30 A33	B1 B2 B4 B5 B6 B7	C4
Coñecer e analizar as principais manifestacións artísticas de cada periodo histórico	A1 A8 A18 A29 A30 A33	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C4
Estudiar os principais tipos de bens culturais e as súas características	A1 A5 A18 A23 A29 A30 A33	B1 B2 B4 B5 B6 B7	C4
Profundizar no concepto de Xestión do Patrimonio	A1 A2 A3 A8 A18 A19 A23 A29 A30 A31 A33	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C4



Analizar e profundizar en cada unha das fases da cadea lóxica da xestión do patrimonio	A1 A2 A3 A13 A14 A18 A19 A23 A29 A30 A31 A33	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C2 C4 C5 C7 C8
Definir o significado do turismo cultural e a súa relación co patrimonio	A1 A2 A3 A8 A18 A23 A27 A29 A30 A31 A33	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C3 C4 C6
Aprender a terminoloxía artística básica no ámbito da arquitectura, escultura e pintura	A1 A8 A18 A30 A33	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C4

Contidos	
Temas	Subtemas
Bloque 1- Patrimonio cultural e Turismo.	1.1. Marco conceptual 1.2. Clasificación dos bens culturais 1.3.O Turismo Cultural
Bloque 3- Especial referencia ao Patrimonio Artístico e Monumental	2.1. O comentario da obra de arte 2.2. Técnicas e terminoloxía artísticas 2.3. Nocións xerais sobre os principais estilos
Bloque 2- Xestión do Patrimonio:	3.1. Marco conceptual 3.2. A protección do Patrimonio 3.2.1. Lexislación 3.2.2. Catalogación 3.2.3. Conservación 3.3. A Investigación 3.4. A Difusión 3.4.1. Patrimonio e museos 3.4.2. A Interpretación do Patrimonio

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A8 A14 A18 A23 A27 A30 A31 B4 C2 C4 C5 C6 C7 C8	19	28.5	47.5
Proba oral	A1 A2 A3 A8 A13 A14 A18 A23 A30 A31 B1 B2 B4 B6 B7 C1 C4	2	20	22
Presentación oral	A5 A8 A13 A18 A19 A29 A30 A31 A33 B1 B2 B3 B5 B6 B7 C1 C3 C4 C8	9	18	27
Aprendizaxe colaborativa	A3 A5 A8 A13 A23 A30 A31 A33 B1 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C8	5	30	35
Saídas de campo	A1 A2 A3 A5 A8 A18 A23 A30 A31 B1 B4 B5 B7 C4 C8	16	0	16
Atención personalizada		2.5	0	2.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. A asistencia á clase maxistral é obligatoria
Proba oral	Proba na que se busca responder, de forma oral, a preguntas cortas ou de certa amplitude, valorando a capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de elaboración e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Saídas de campo	Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario (empresas, institucións, organismos, monumentos, etc.) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de produtos (bosquexos, deseños, etc.), etc.

Atención personalizada



Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	A atención personalizada poderá ofrecerse durante os seminarios e titorías, ou dun xeito individual, se se precisa por parte dos alumnos

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba oral	A1 A2 A3 A8 A13 A14 A18 A23 A30 A31 B1 B2 B4 B6 B7 C1 C4	Exame escrito no que se combina o comentario de texto co recoñecemento de imaxes e preguntas específicas sobre a materia. A proba será avaliada sobre 3. Para poder sumar o resultado ao resto da porcentaxe da nota, é necesario obter, como mínimo, un 1.5 no exame.	60
Presentación oral	A5 A8 A13 A18 A19 A29 A30 A31 A33 B1 B2 B3 B5 B6 B7 C1 C3 C4 C8	As prácticas de Descubrir Coruña (Grado en Turismo unicamente), computarán ata un 10% da nota. Para o seu cálculo valorarase a avaliación que se faga de cada alumno por parte dos profesores dos grupos e da persoa coordinadora no Castelo de San Antón e Torre de Hércules. No caso dos alumnos e alumnas de Dobre Grao este 10% engadirase ao valor final da proba mixta (na que se fará algunha cuestión sobre a cidade explicada en clase) ou se computará a través dun traballo específico sobre esta materia. Igual que nas outras probas, cómpre superar o 50% da nota para aprobar	10

Observacións avaliación

Segundo a participación do alumnado na materia, contéplanse dúas opcións: OPCIÓN A (Para o alumnado que asiste e participa nas actividades de clase > 85%) A avaliación será a proposta no apartado anterior: - Portafolios do alumno (30%) - Proba oral (60%) e Presentación oral (10%).
OPCIÓN B (Para o alumnado que non asiste nin participa nas actividades de clase)

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>- TUGORES, F. e PLANAS, R. (2006). Introducción al Patrimonio Cultural. Edics.Trea, Gijón</p> <p>AZNAR, S. Y CÁMARA, A., Historia del Arte, UNED, Madrid, 2002.BALLART, J. e JUAN i TRESSERAS, J., Gestión del Patrimonio Cultural, Ed. Ariel, Barcelona, 2001BORRÁS,J, et al., Introducción general al arte, Ed. Istmo, Madrid, 1996.CRESPI, M. E PLANELLS, M., Patrimonio Cultural,Ed. Síntesis, Madrid, 2003.ESPINO, J. Y MORÁN, M., Historia General del Arte Español, SGEL, Madrid, 1996.FATÁS , G. e BORRÁS, G., Diccionario de términos de arte, Alianza Editorial, Madrid, 1999.GOMBRICH, E.H., Historia del Arte, Ed. Debate, Madrid, 1996HARTT.Arte.Historia de la pintura, escultura y arquitectura. Ed. Akal, Madrid, 1989HATJE, U. et al., Historia de los estilos artísticos, (2 vols),Ed. Istmo, Madrid, 1988JANSON, H.W., Historia General del Arte(4 vols.). Alianza Editorial, Madrid, 1995.LAJO, R., Léxico de Arte, Ed. Akal, Madrid, 1990LEZCANO GONZÁLEZ, M.E.(1999): Novas tendencias en Museoloxía: A Interpretación do patrimonio, en: Actas do congreso Desenvolvemento Municipal do Turismo, Universidade da Coruña, A Coruña.(2004): A reinterpretación do patrimonio como cultura e economía : os casos de Galicia e Illes Balears en: Actas do XV Congreso Nacional de Historia da Arte, Universitat de les Illes Balears, Palma de Mallorca.(2006): A interpretación do patrimonio nas cidades, en: Actas do VIII Congreso AECIT. Novos segmentos e destinos turísticos.ISBN: 84-689-9840-0. Depósito Legal: BI-2320/06. AECIT. Bilbao. CD-Rom.(2011): El Sanatorio Riazor, una auténtica experiencia interpretativa. Boletín de Interpretación nº 25, AIP.www.interpretaciondelpatrimonio.com/boletin(2012) El Camino de San Andrés de Teixido: Una experiencia turística auténtica, emocional e integral , en: Actas del I Congreso Internacional EJTHR, Destination Branding, Heritage an Authenticity.ISBN 978-84-695-3961-3. D.L.: C1324-2012, Universidad de Santiago de Compostela, CD-RomMARTÍN GONZÁLEZ, J.J., Historia del Arte (2 vols.), Ed. Gredos, Madrid, 1992MORALES, A.J., Patrimonio histórico-artístico, Historia 16, Madrid, 1996.MORALES MIRANDA, J., Guía práctica para la Interpretación del Patrimonio, Junta de Andalucía, 2000.NIETO ALCAIDE,V. et al., Historia del arte. Ed. Nerea, Madrid, 2000PÉREZ SANTOS, E., Estudios de visitantes en museos. Metodología y aplicaciones. Ed. Trea, Gijón. 2000ROTH, L., Entender la arquitectura, sus elementos, historia y significado, Ed. Gustavo Gilli, Barcelona, 1999.TUGORES, F. e PLANAS, R. Introducción al patrimonio cultural, Edics.Trea, Gijón 2006TILDEN, F., La interpretación de nuestro patrimonio, Asociación para la Interpretación del Patrimonio, Sevilla, 2006(Engadiranse referencias bibliográficas no transcurso da materia)</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

A asistencia ás aulas é unha obriga

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías